



**A.VV. Santa Comba de Covas**  
Aldea S/N - 15594 Ferrol  
A Coruña

**SEGUIMIENTO DOS PROYECTOS E DEMANDAS  
DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE COVAS  
PRESENTADOS AO CONCELLO DE FERROL NO  
ANO 2007**

## INTRODUCCIÓN

O mes de Outubro de 2007 mantiveronse reunións con distintas Concellerías, ás que se lles achegou unha memoria cos proxectos, demandas e necesidades de Covas.

A día de hoxe estimamos que o grao de cumprimento é moi baixo e que non se realizaron investimentos durante todo o ano 2008, salvo os relativos a traballos de mantemento e conservación.

Tamén queremos facer referencia á dificultade que estamos a ter para que as distintas Concellerías implicadas nos reciban para presentarlles novas demandas ou facer o seguimento das xa presentadas. Na nosa opinión deberían de establecerse canles de comunicación máis áxiles que permitan achegar as necesidades veciñais en tempo real.

Votamos de menos que se nos informe dos proxectos a realizar en Covas, nos que o Concello está a traballar, e se nos permita participar no deseño dos mesmos; na actualidade enterámonos pola prensa e en ningún caso se nos consulta sobre a opinión da veciñanza. Estimamos que, na medida que se busque o consenso, resultará máis sinxelo o desenvolvemento das distintas iniciativas.

Como punto forte destacamos a boa acollida que están a ter as distintas propostas culturais e deportivas así como a colaboración prestada .

Unha vez máis reiteramos a nosa disposición para aclararlles calquera dúbida que lles poida xurdir, ampliarlles información sobre os proxectos que esperten o seu interese, ou participar nas accións promovidas dende as súas concellerías.

## INDICE

1. **INFORMACIÓN XERAL SOBRE COVAS**
2. **URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS.**
  - 2.1. Rede de Saneamento.
  - 2.2. Previsións de reforma do Plan Xeral de Ordenación Urbana.
  - 2.3. Asfaltado e pintado de camiños.
  - 2.4. Alumedado público.
  - 2.5. Construcción dun parque nos terreos do Local Social.
  - 2.6. Construcción de beirarrúas o longo da carretera xeral.
  - 2.7. Desbroces.
  - 2.8. Rebacheos provisionais.
  - 2.9. Aparcamento na parte baixa do Cemiterio.
  - 2.10. Aparcamento nas praias de Ponzos, Santa Comba e Vilar.
  - 2.11. Cubrimento da pista polideportiva e traslado do ximnasio a un local contiguo a pista.
  - 2.12. Alumeado da pista polideportiva.
  - 2.13. Colexio Tomás Serantes de Covas.
  - 2.14. Tráfico e seguridade vial.
  - 2.15. Bens municipais procedentes da desafectación de Defensa.
  - 2.16. Recuperación dos lavadoiros públicos.
  - 2.17. Centro de día.
3. **LOCAL SOCIAL.**
  - 3.1. Deficiencias constructivas observadas no Local Social.
  - 3.2. Melloras necesarias no Local Social.
  - 3.3. Contacto coa empresa constructora.
  - 3.4. Necesidades de equipamento.
4. **DEPORTES, TURISMO E XUVENTUDE.**
  - 4.1. Instalacións.
  - 4.2. Proxectos en marcha.
  - 4.3. Turismo.
  - 4.4. Necesidades.
5. **CULTURA E BENESTAR SOCIAL.**
  - 5.1. Actividades programadas para este ano.
  - 5.2. Outras actividades e celebracións.
  - 5.3. Terceira idade.
  - 5.4. Servizo de información.
  - 5.5. Semana Cultural.
  - 5.6. I Festa da Malla
  - 5.7. Carnet de socio.
  - 5.8. Charlas e conferencias.
  - 5.9. Vinculos con outro pobos.
  - 5.10. Participación veciñal
6. **FINANCIAMENTO.**

## **1.- INFORMACIÓN XERAL SOBRE COVAS.**

Covas está emprazado na costa, a 7 Km. de Ferrol, con algo mais de mil habitantes que se duplican na época estival. Ten a típica fisionomía da maioría dos pobos de Galicia con dispositivos ao longo da estrada xeral e a ambos os dous lados desta, trátanse de casas baixas e en propiedade con pequenas parcelas que se reparten nunha ampla extensión. O lugar divídese en varias entidades: A Aldea, Covarradeiras, Pedreira, Prioiro, Piñón e Ragón.

A oferta turística da nosa parroquia ten como puntos fortes as praias, as paisaxes, un entorno pouco degradado pola influencia do urbanismo, e un ritmo de vida pausado e en harmonía coa natureza que a converten nun lugar moi agradable para vivir e nun destino turístico cada vez mais demandado.

## **2.- URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS.**

### **2.1 Rede de Saneamento.**

Covas non conta con un sistema de alcantarillado que permita conectar as augas residuais das vivendas, tendo que recorrer ás fosas sépticas, ó que está contribuindo a degradación da terra e das augas subterráneas que se ven afectadas polas filtracións.

Necesitamos información sobre os prazos previstos para a execución da sobras da rede secundaria de saneamento.

**Estado actual: Non dispoñemos da información solicitada**

**Execución: 0%**

### **2.2 Previsións de reforma do Plan Xeral de Ordenación Urbana.**

Descoñecemos as previsións do Concello en canto a Ordenación urbana para analizar de que xeito podería afectar a nosa parroquia e estudar posibles alegacións.

**Estado actual: Non dispoñemos da información solicitada**

**Execución: 0%**

### **2.3 Asfaltado e pintado de camiños.**

Non dispoñemos de información sobre a previsión para realizar o asfaltado dos camiños que non foron incluídos nas obras dos anos 2006 e o que vai de 2007. Ademais os últimos tramos asfaltados están pendentes de ser pintados.

**Estado actual: O pintado foi realizado**

**Execución: 100%**

**Incluídos 1,4 km. no plan anticrisis**

**Execución: 0%**

## **2.4 Alumedado público.**

A día de hoxe aínda existen zonas habitadas que non dispoñen de alumeado. Consideramos prioritario o inicio de estas obras debido a peligrosidade que supón para os peóns camiñar de noite por vías moi estreitas sen iluminación.

Tamén se fai necesaria a revisión da totalidade dos puntos de luz para reparar as avarías existentes.

**Estado actual: Non se efectuaron obras de ampliación**

**Execución: 0%**

**A revisión e mantemento realízase habitualmente.**

**Execución: 100%**

## **2.5 Construcción dun parque nos terreos do Local Social.**

Descoñecemos o estado no que se atopa o deseño e construción dun parque infantil e da terceira idade dunha pista de skate nos terreos do Local Social.

**Estado actual: Non realizado. (solicitouse a súa inclusión no plan anticrisis)**

**Execución: 0%**

## **2.6 Construcción de beirarrúas o longo da carretera xeral.**

Solicitamos información acerca da posibilidade de construción das beirarrúas nos tramos:

- A Cochera – Las Palmeras
- Bar Cobas – Soagraña
- Zona de A Pedreira
- Priorio – Cruce da Cetarea

**Estado actual: Non realizado. (coñecemos o proxecto realizado pola Deputación da Coruña)**

**Execución: 0%**

## **2.7 Desbroces**

Urxe acometer as labouras de desbroce na zona de A Pedreira así como reparar a totalidade de balados da parroquia.

**Estado actual: Realizados**

**Execución: 100%**

## **2.8 Rebacheos provisionais.**

A zona en peor estado e que sería conveniente rebachear o antes posible e a entrada de A Pedreira (Na zona dos bares de Pancho e Viana).

E moi urxente solucionar o problema das augas que anegan o Camiño Real entre a zona de Soagraña e o cruce dos Catro Camiños, podería causar danos en algún dos inmobles da zona.

Reasfaltado do Camiño Real.

**Estado actual: Incluídos 1,4 Km. no plan anticrisis**

**Execución: 0%**

## **2.9 Aparcamento na parte baixa do Cemiterio.**

E necesaria a canalización das augas que baixan dende os prados cercanos, e o acondicionamento da zona.

**Estado actual: Canalizáronse as augas**

**Execución: 20%**

## **2.10 Aparcamento nas praias de Ponzos, Santa Comba e Vilar.**

Durante o verán estiveron a producirse numerosos atrancos e problemas de circulación derivados da ausencia dun lugar axeitado e ben dimensionado para aparcarse na zona das praias. Faise necesaria a procura de solucións antes do mes de Xuño de 2008.

Temos constancia da oferta de cesión de terreos comunais nas zonas de Ponzos e Santa Comba para preparar zonas de aparcamento.

Este punto foi tratado nunha reunión na que participou o Alcalde e se adoptaron distintos acordos que foron cumpridos parcialmente (axuntamos a acta que recolle os acordos).

**Estado actual: Colocación de sinais con rutas alternativas.**

**Execución: 80%**

**Aparcadoiros.**

**Execución: 0%**

**Rebacheo da pista Sta. Comba-Pedreira**

**Execución: 100%**

**Reparación de pasarelas.**

**Execución: 80%**

### **2.11 Cubrimento da pista polideportiva e traslado do ximnasio a un local contiguo á pista.**

O obxectivo deste punto é poder utilizar a pista todos os meses do ano e ter unidas as instalacións deportivas. Estas instalacións poderían ser utilizadas por calquera grupo ou entidade que o solicite.

**Estado actual: Non executado (solicitouse a inclusión no plan anticrisis).**

**Execución: 0%**

### **2.12 Alumeado da pista polideportiva.**

As torres que alumean a pista acéndense dende o interior do colexio e, dende que se pechou non dispoñemos de chaves. Necesitamos que se nos facilite un xogo de chaves ou que se cambie de sitio o panel de acendido.

**Estado actual: Non executado (solicitouse a inclusión no plan anticrisis).**

**Execución: 0%**

### **2.13 Colexio Tomás Serantes de Covas.**

A unidade de educación infantil que existía no colexio pechou este curso por orde da Consellería de Educación, gustaríanos ter información sobre o estado no que se atopa a súa recuperación por parte do Concello.

**Estado actual: Pendiente do convenio de cesión (solicitouse a inclusión de obras de mellora no plan anticrisis).**

**Execución: 20%**

### **2.14 Tráfico e seguridade vial.**

É necesaria a regulación do tráfico nos cruces das praias durante os meses de máxima afluencia as praias, a día de hoxe son habituais os atrancos e retencións.

Estudar a posibilidade de establecer direccións únicas nas pistas e camiños de acceso as praias.

Implantar sistemas de control da velocidade no tramo urbano, e moi habitual ver pasar vehículos a velocidade excesiva e sen respectar os pasos de peóns.

Colocación de espello sen cruces de baixa visibilidade.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

### **2.15 Bens municipais procedentes da desafectación de Defensa.**

Dende o abandono das instalacións procedentes de Defensa ( Campamento – Cuartelillo – Baterías do faro ) estase a producir un gravísimo deterioro das mesmas, converténdose en núcleos marxinais ónde e habitual a realización de actos vandálicos e o consumo e tráfico de drogas. Este e, sen dúbida, un tema que centra gran parte da preocupación dos veciños de Covas, polo que resulta moi urxente procurar unha solución. Sería desexable que se nos facilitase información sobre os proxectos do Concello para a utilización das instalacións e terreos.

**Estado actual: Non realizado**  
**Execución: 0%**

### **2.16 Recuperación dos lavadoiros públicos.**

Os antigos lavadoiros públicos necesitan ser recuperados. A día de hoxe atópanse moi degradados e faise necesaria unha intervención urxente.

Un deles foi rehabilitado anos atrás con materiais actuais que estimamos deberían ser substituídos polos tradicionais.

**Estado actual: Non realizado**  
**Execución: 0%**

### **2.17 Centro de día para a terceira idade.**

Tendo en conta que contamos cun número importante de maiores na zona, a creación dun centro de día viría a cubrir gran parte das necesidades e demandas existentes.

En Covas existen gran cantidade de edificios públicos e privados con espazo suficiente para as instalacións.

**Estado actual: Non realizado (saiu unha nota de prensa abrindo a  
posibilidade de crear un centro de día)**  
**Execución: 0%**

### 3.- LOCAL SOCIAL.

#### 3.1 Deficiencias constructivas observadas no Local Social.

- Drenaxe insuficiente: E un problema grave que esta a causar inundacións no salón de actos, sala de caldeiras, almacéns e aseos.

**Estado actual: Levantouse a acera existente e non entra a auga no interior, pero durante todo o inverno a zona convertese nunha lameira intransitable e o pintado estase a levantar debido a humidade por falta de protección. Ademais durante os traballos de demolición da acera dañáronse as portas de emerxencia que non pechan axeitadamente.**

**Execución: 50%**

- Humidades e goteiras na sala de caldeiras: Están afectando gravemente a caldeira de calefacción.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Humidades no salón de actos: Están aparecendo humidades no solo do salón de actos, que son visibles nas xuntas de dilatación.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Porta principal: A porta principal está rota o que dificulta a súa apertura e peche.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Tarima flotante: A tarima flotante estase a levantar en distintas zonas.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Caixa de contador da auga: Falta a porta da caixa de contadores, o que facilita que calquera que pase pola carreteira poida manipular as válvulas.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Perdas nos WC: Detéctanse perdas de auga no WC dos vestiarios dos homes.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Salta o diferencial da aula de informática o que impide a utilización da mesma.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Grupo electrógeno: O grupo salta cando se producen pequenas baixadas de tensión, que son habituais na zona, polo que e conveniente realizar os axustes necesarios.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

### **3.2 Melloras necesarias no Local Social.**

- Colocación de unha marquesina na porta de entrada.

**Estado actual: Realizado, pero falta finalizar a baixante de augas.**

**Execución: 95%**

- Pintado do solo do Salón de Actos.

**Estado actual: Realizado (estase a levantar a pintura debido ás humidades)**

**Execución: 80%**

- Terminación do pintado exterior do edificio.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Colocación de mamparas para o pechado de locais.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Limpeza do Local antes da súa entrega definitiva.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Substitución de unha farola de alumeado no atrio.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

- Construción dunha aceira duns oitenta centímetros en toda a lonxitude do fronte do local, para evitar as humidades nas oficinas e salas, facilitar a drenaxe e posibilitar o corte do cesped.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

### **3.3 Contacto coa empresa constructora.**

E necesario contactar coa empresa construtora para que se nos explique o funcionamento das instalacións e equipos, e tamén que nos faciliten unha copia dos planos.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

### **3.4 Necesidades de equipamento.**

E necesaria a adquisición de unha impresora e unha fotocopiadora para a oficina.

**Estado actual: Realizado con cargo á Deputación**

**Execución: 100%**

## **4.- DEPORTES, TURISMO E XUVENTUDE.**

Co obxectivo de planificar e promover a practica do deporte , o bo uso do tempo libre e a participación dos xoves na vida social e cultural, plantexanse as seguintes necesidades:

### **4.1 Instalacións.**

Ver puntos **2.5 - 2.11 - 2.12**

### **4.2 Proxectos en marcha.**

Estamos a traballar na organización de múltiples actividades:

- Organización de concertos de grupos xoves da comarca.
- Organización de marchas populares, a pé e en bicicleta, polas diferentes zonas da parroquia.
- Carreiras de orientación.
- Rutas de sendeirismo.
- Estudiar a posibilidade de incluír o noso litoral no circuito galego de submarinismo.
- Campionatos de fútbol sala , ping-pong, dardos, baloncesto 3x3.
- Xornadas de xogos tradicionais.
- Campionatos de volley praia.
- Concurso de castelos de xabre.

- Fins de semana dedicados á toma de contacto con distintos deportes (surf, bodyboard, equitación, parapente).
- Campionatos de xogos de mesa (domino, tute,...).
- Campionato de videoxogos.
- Ciclos de charlas e conferencias sobre deporte.

**Estado actual: Actividades propias da Avv, o Concello copatrocina o concurso hípico Galeoch**

**Execución: 85%**

#### **4.3 Turismo.**

- Creación dunha páxina web para a difusión de Covas como destino turístico.
- Elaboración de guías turísticas: Co obxectivo de facilitar información os visitantes sobre hostalería, lugares de interese, facilidades,....
- Paneis de información: Elaborar e colocar paneis informativos.
- Elaboración de difusión de partes meteorolóxicos: Destinado os practicantes de deportes acuáticos; faríanse durante o período de verán.
- Rutas en barco: Programaríanse rutas en barco polo litoral da nosa parroquia durante o período estival que contribúan á posta en valor da costa.

**Estado actual: Actividades propias da Avv, o Concello asume a cartelería do stand turístico de 2008**

**Execución: 90%**

- Centro de asistencia de urxencias: Durante o periodo de verán a poboación multiplícase por tres, e hai unha gran afluencia de bañistas, sería conveniente dispor dun dispensario para urxencias nesta época.

**Estado actual: Non realizado**

**Execución: 0%**

#### **4.4 Necesidades.**

As necesidades que temos son, o financiamento das actividades, a adquisición de material deportivo, a reparación de deficiencias no local destinado a ximnasio e a renovación do equipamento do mesmo.

## **5.- CULTURA E BENESTAR SOCIAL.**

Dende esta área pretendemos dotar, á nosa parroquia, dunha programación cultural que cubra a demanda dos veciños e visitantes, achegar os colectivos máis desfavorecidos, da nosa parroquia, a axuda que precisen, establecer vínculos con outros pobos e lugares e manter viva as nosa historia e tradicións.

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**

**Execución: 90%**

**Asinado un convenio para o 2008 con Benestar Social**

**Execución: 100%**

### **5.1 Actividades programadas para este ano.**

- Bolillos.
- Arte floral.
- Corte e confección.
- Taller de memoria.
- Informática.
- Danza.
- Idiomas.
- Bailes de salón.
- Debuxo e pintura.
- Taller de Teatro.
- Aerobic

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**

**Execución: 100%**

### **5.2 Outras actividades e celebracións.**

- Día do veciño. Organizaranse distintos actos e festexos.
- Alfombra floral: Elaboración das tradicionais alfombras do Corpus.
- Actos con motivo de San Martiño, patrón de Covas: Temos prevista a realización dunha exposición fotográfica, a actuación dun grupo rexional unha representación teatral e unha actuación musical.
- Día do maior: Xuntanza adicada os maiores con entrega de regalos os que teñan máis de oitenta anos.
- Día do Carme: Colaboración para a organización da procesión e festexos.
- Magosto: Organización dun magosto que sirva para achegar as tradicións os máis novos.
- Festivais de nadal e entroido: levaríanse a cabo o días de reis e o sábado de entroido, e necesitaríanse monitor para organizar, desenvolver e estruturar os xogos, a súa duración sería de dúas a tres horas pola tarde. A súa meta sería o de divertir aos nenos que asistan ao festival. Ademais faríanse sesións de contacontos, un café benéfico e actuacións de unha rondalla e un cuarteto de música clásica.
- Día dos Reis Magos: Organización dun desfile e festival de reis con reparto de regalos os nenos.

- Ludoteca para a poboación infantil: En períodos de vacacións escolares en horario de mañá ou tarde con duración de tres horas cada día, contaríase con monitores para organizar, desenvolver e estruturar as actividades, os obxectivos serían: ocupar o tempo libre dos nenos dun xeito ameno e entretida, así como de aprender a interaccionar e convivir cos demais, é un xeito de educar socialmente.
- Espazo para mozos: Dispor dun espazo no que poidan escoitar música, ler, ver películas, falar e relacionarse con outros mozos do pobo. Debería ter material adecuado como libros, filmes, Cd's.; as metas serían: saber convivir e relacionarse cos demais así como de seguir unhas normas sobre o coidado de utensilios ou instrumentos comunitarios. Neste caso necesitaríase un responsable que supervisase e acompañase aos mozos, a súa duración sería a da ludoteca.
- Talleres para a poboación infantil: O seu desenvolvemento podería ser periódico o levaríase a cabo con monitores, a duración sería de dúas a tres horas en horario de mañá ou tarde. É un xeito de aprender a desenvolver habilidades e capacidades, a traballar en grupo por medio do labor cooperativo, así como de promover as actividades de lecer e tempo libre.
- Cine infantil e xuvenil: Programaríase un día á semana, o cal leva a compra de material cinematográfico, e a colaboración de responsables que estean presentes durante a proxección para a supervisión e acompañamento dos usuarios, neste caso a actividade duraría o que se estendese a filmación, realizándose fose do horario escolar. Os obxectivos serían a de ofrecer outra alternativa para o tempo libre, pero tamén a de poder aprender dun xeito ameno sobre aspectos sociais.
- Vídeo forum: Organización de un ciclo de cine sobre unha temática concreta, na que logo da proxección realizaríase un debate ou charla do que se viu, a duración depende da película, levarían a cabo fose do horario escolar e pola tarde. Os obxectivos desta actividade serían a de ocupar tempo libre de mozos e nenos, así como a de que interactuen e relaciónense entre eles.
- Excursións para nenos: Programaranse saídas por Cobas e arredores para que descubran e coñezan a contorna en lle que viven, non só de xeito histórico senón tamén o natural, social. Trátase de que os nenos coñezan o contexto no que viven de xeito completo e relaciónense e interactúen cos demais compañeiros. Esta actividade será periódica, cunha duración variable dependendo de onde váiase, xa que se pensa abarcar a zona de Cobas, pero tamén o resto de Ferrolterra, a época do ano escollida sería o verán xa que son actividades ao aire libre e requírese boas condicións climatolóxicas. Para o seu desenvolvemento necesítase monitor para explicar os que se vai a ir atopando na ruta e coidados dos nenos no traxecto.
- Excursións para maiores: Coa finalidade de convivir, relacionarse e interaccionar con outros membros do grupo, a súa duración é indefinida xa que depende do destino.
- Ceas-baile periódicas: na que os participantes poidan interaccionar e relacionarse co resto do pobo. É unha actividade de tempo libre a súa duración é indefinida, desenvolvéndose nun restaurante ou sala de festas.

- Libre navegación por Internet: necesítase un responsable que abra o local social, e que durante o tempo que a persoa estivese alí acompañase aos usuarios, os horarios serían dous días pola mañá tres horas e dúas pola tarde outras tres horas.
- Celebración do día do neno: Día no que os protagonistas serían os máis pequenos, desenvolveríase o día mundial do neno pola tarde, trataríase dunha festa infantil na que os monitores organicen e estruturen xogos e actividades para os nenos, ao final do evento entregábase un agasallo ao neno máis pequeno do pobo. A duración sería de tres horas, está destinado a nenos de cero a dez anos.
- Actividades entre nenos, xoves e maiores; excusións, xornadas, contacontos para que ambos os grupos relaciónense e interaccionen, e en concreto que os nenos aprendan a convivir cos maiores e de que se vaia transmitindo a cultura popular de xeración en xeración; respecto dos maiores que poidan sentirse útiles pero tamén se relacionen, interactúen, aprendan dos máis pequenos da casa.
- Escolas de país: Sería unha actividade continua a desenvolver en períodos de vacacións destes, o obxectivo é que os país teñan un espazo no que poder adquirir información sobre como poder educar e comunicarse cos seus fillos, pero tamén na que poidan compartir inquietudes e curiosidades sobre os temas que se traten. Faríanse de xeito continuado na que un experto trate os temas, faríanse polas tardes e a duración de cada sesión sería dunha hora.

Todas as actividades e talleres faríanse baixo a supervisión de monitores.

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**  
**Execución: 95%**

### **5.3 Terceira idade.**

Visitas as persoas maiores da parroquia que nos permitiran analizar a súa situación familiar, o grado de dependencia e as necesidades en materia de asistencia que poideran necesitar.

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**  
**Execución: 70%**

### **5.4 Servizo de información.**

Estamos traballando na creación dun servizo de información sobre axudas e subvencións orientado a cubrir as necesidades dos xoves (vivenda, estudos,...) e dos maiores (axudas económicas, asistenciais,.....).

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**  
**Execución: 50%**

### **5.5 Semana Cultural.**

Como ven sendo habitual nos últimos anos celebraremos unha semana cultural durante o periodo de verán co seguinte contido:

- Feira cabalar.
- Cine ó aire libre.
- Teatro.
- Exposicións.
- Malla.
- Eventos deportivos.

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**

**Execución: 100%**

### **5.6 I Festa da Malla.**

Estamos dando os primeiros pasos para a organización dunha malla tradicional, comezaremos no mes de Xaneiro plantando o trigo, para nos meses de verán proceder á sega (a mán), e finalizar coa malla durante a semana cultural.

Xa iniciamos o proceso de restauración (con grupos de voluntarios) dunha máquina de mallar do ano 1950 e tamén de unha limpadora e temos terreos cedidos para plantar o cereal.

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**

**Recibimos unha subvención de Participación Cidadá**

**Execución: 100%**

### **5.7 Carnet de socio.**

Acordamos con numerosos establecementos o ofrecer descontos e vantaxes os socios, para iso estamos deseñando un carnet tipo tarxeta cos datos personais que sirva para identificarse e, así, acceder as promocións.

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**

**Execución: 100%**

### **5.8 Charlas e conferencias.**

- Charlas encamiñadas cara a educación para a saúde (drogodependencias, sexualidade), educación ambiental (aforro de enerxía, reciclaxe), temas sociais (coidado e tratamento de anciáns, alzheimer).

- Mesas redondas Varios expertos se reúnen para falar en profundidade sobre o un tema, e en ambas os asistentes poidan realizar preguntas sobre as ou expresar opinións. Esta actividade realizaríase periodicamente e tería unha duración dunha hora e media, tendo calquera que lle interese. Estas actividades terían como fins manter á poboación informada sobre temas de interese así como de promover a participación e interacción social dos destinatarios.

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**  
**Execución: 60%**

### **5.9 Vinculos con outro pobos.**

Estamos en contacto cun pobo do norte de Portugal de onde proceden a maioría dos portugueses asentados na nosa parroquia para organizar unha xuntanza con carácter anual.

**Estado actual: Actividades propias da Avv.**  
**Execución: 60%**

### **5.10 Participación veciñal.**

Estimamos que sería positivo e enriquecedor para todos o poder participar na mesa de Benestar Social promovida polo Concello.

**Estado actual: Non se nos inclue na Mesa.**  
**Execución: 0%**

## **6.- FINANCIAMENTO.**

Os recursos financeiros fixos da Asociación proveñen unicamente das cotas dos socios, con unhas ingresos estimados de catro mil euros; para o desenvolvemento de todas as actividades e actos previstos manexamos un presuposto aproximado de trinta mil, dos que esperamos conseguir uns dez mil en concepto de colaboracións e patrocinios. Quedaríanos un déficit de dezaseis mil euros que necesitaríamos fose cuberto polo Concello.

**Estado actual: Recibimos subvencións de Deportes, Benestar Social, Turismo e Participación cidadá.**  
**Execución: 60%**